



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móbil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

## **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

### **LIBRO I DAS ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS**

#### **TÍTULO I: DAS ALTAS**

##### **Artigo 1. Requisitos para asociarse.**

A solicitude formal de ingreso no CNF a poderá cumprimentar calquera persoa que reúna os requisitos do artigo 10 dos Estatutos do CNF, de 15 de abril de 2011, en posesión de DNI, tarxeta de residente ou pasaporte e con residencia habitual en España.

##### **Artigo 2. Da solicitude de alta no CNF.**

1. A solicitude de alta deberá formalizarse a través da Secretaría Virtual do CNF.
2. A persoa solicitante deberá cumprimentar na súa totalidade a ficha de inscrición á que anexará unha fotocopia do DNI, tarxeta de residente en vigor ou pasaporte.
3. Será obrigatorio cumprimento os datos relativos á domiciliación bancaria para emitir o recibo da cota correspondente. No caso de non ser o titular da conta deberá presentarse unha autorización do titular da conta.

##### **Artigo 3. Do exame das solicitudes de alta.**

1. A Secretaría do CNF será a encargada de facer o exame das solicitudes de alta e de consideralo oportuno sometelo a xuízo da Xunta Directiva.
2. A Secretaría do CNF deberá aceptar ou rexeitar as altas nun prazo non superior a 10 días.

##### **Artigo 4. Da efectividade da alta**

A alta non será definitiva até que non figure non sexa aceptada pola Secretaría do CNF e non tivese veto por parte da Xunta Directiva. Asignarase a data de alta do día da aceptación desta.

#### **TÍTULO II: DAS BAIXAS**

##### **Artigo 5. Das baixas voluntarias.**

Tramitaranse de forma voluntaria polo socio/a a través da Secretaría Virtual do CNF. Unha vez notificado polo socio a baixa será efectiva 24h despois.

##### **Artigo 6. Das baixas por falecemento.**

As baixas por falecemento serán automáticas unha vez presentada a documentación oportuna. Nembargantes, o cónxuxe ou parella pode solicitar a modificación do socio/a.



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móbil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

**Artigo 7. Das baixas por incompatibilidade.**

Causarán baixa automática aqueles socios/as que incorran nalguna incompatibilidade establecida, legal, estatutariamente ou regulamentariamente.

**Artigo 8. Das baixas por expulsión.**

Correspóndelle á Xunta Directiva resolver os expedientes incoados polo presidente a calquera dos socios/as. Unha vez resolto de forma definitiva o expediente disciplinario e comunicado polo secretario/a do CNF, este procederá a dar a súa baixa no ficheiro do Club.

**Artigo 9. Do reingreso dos expulsados.**

Como norma xeral, todos os socios/as que foran regulamentariamente expulsados non poderán volver a reingresar no CNF, agás que na resolución do expediente se expoña o contrario, que de todos xeitos nunca poderá reingresar nun prazo inferior a 1 ano.

**Artigo 10. Das baixas por non pagamento.**

Correspóndelle á tesoureira/o propor a baixa por non pagamento no momento que un socio/a deba á Entidade máis de dúas mensualidades. Nembargantes, cando se produza o primeiro non pagamento, a tesoureira/o notificarallo ao socio correspondente co fin de que aboe as cotas que deba. De non sufragar as cotas, no prazo marcado polo Tesourería, esta notificarallo ao secretario para que proceda á súa baixa no CNF.

**Artigo 11. Do reingreso no CNF dos socios/as que formularon baixa voluntaria.**

No caso de que un socio/a que se dera de baixa nun prazo menor a 4 meses dende que solicita o reingreso, deberá aboar as cotas correspondentes a eses meses para poder reingresar. Só estarán exceptuados aqueles que no momento da solicitude de baixa aleguen e demostren causa xustificada.

No caso de que non desexe pague as cotas correspondentes, deberá pasar un ano dende que solicitou a baixa para que poida a reingresar como socio do CNF, perdendo a antigüidade e cursándose esta como alta nova.

**TÍTULO III: DAS MODIFICACIÓN DOS DATOS DOS SOCIOS/AS.**

**Artigo 12. Modificacións dos datos de carácter persoal.**

Todos os socios deberán notificar ao CNF todas as modificación nos datos de carácter persoal que se produzan a través da Secretaría Virtual nun prazo non superior a 15 días.



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móbil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

## **LIBRO II DAS ELECCIÓNS Á PRESIDENCIA**

### **TÍTULO I: DOS PRINCIPIOS XERAIS**

#### **Artigo 1. Carácter do sufraxio.**

O sufraxio terá carácter libre, directo, igual e segredo entre e por todos os compoñentes da Asemblea Xeral do Club Natación Ferrol, no sucesivo CNF.

### **TÍTULO II: DA CONVOCATORIA DE ELECCIÓN**

#### **Artigo 2. Realización da convocatoria.**

1. A convocatoria de eleccións á Asemblea Xeral efectuarase pola Xunta Directiva do CNF.
2. A partir dese momento, a Xunta Directiva constituirase en Comisión Xestora. No caso de que, por calquera causa, non existiran suficientes membros da Xunta Directiva para a constitución dunha Comisión Xestora de tres membros ao menos, a Asemblea Xeral procederá a designar os que sexan preciso para constituíla ou completala.
3. A Comisión Xestora non poderá realizar máis que actos de mera xestión e administrativos.
4. A Comisión Xestora arbitrará un sistema de comunicación cos socios/as que asegure a constancia da recepción por parte destes de todos os documentos correspondentes ao proceso electoral.

#### **Artigo 3. Contido da convocatoria.**

A convocatoria de elección deberá conter, como mínimo, os seguinte extremos:

1. O censo electoral provisional.
2. Calendario electoral no que necesariamente se respecte o dereito ao recurso ante a Xunta Electoral antes da continuación do procedemento e dos respectivos trámites que compoñen o mesmo.
3. Composición nominal da Xunta Electoral e prazos para a súa recusación.

#### **Artigo 4. Publicidade da convocatoria.**

A convocatoria co contido indicado no artigo anterior, deberá ser obxecto da máxima publicidade e difusión posíbel utilizando para elo, se fose posíbel, os medios electrónicos, telemáticos e informáticos dos que dispoña o CNF. En calquera comunicación que se faga por este medio deixarase constancia, mediante os procedementos que procedan, da data de exposición ou comunicación.

### **TÍTULO III: DO CENSO ELECTORAL**

#### **Artigo 5. Contido do censo electoral.**

1. O censo electoral para as Eleccións á Presidencia recollerá a totalidade dos socios/as numerarios do CNF, que non incorran en ningunha incompetencia estipulada legal, estatutariamente ou regulamentariamente.



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móbil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

2. O censo electoral que rexerá a elección tomará como base o último dispoñíbel actualizado no momento da convocatoria das eleccións.

#### **Artigo 6. Publicación e reclamacións.**

1. O censo provisional publicarase simultaneamente coa convocatoria de eleccións. Contra o mesmo poderase interpoñer, no prazo de sete días hábiles, reclamación ante a Xunta Electoral. Contra a resolución da Xunta Electoral poderase interpoñer recurso ante o organismo competente en materia deportiva da Xunta de Galicia, esgotando a súa resolución a vía administrativa.
2. O censo será considerado definitivo se non se presentase reclamación algunha contra o provisional, ou cando, de térense presentado, resolvérase pola Xunta Electoral e, no seu caso, polo organismo competente en materia deportiva da Xunta de Galicia.
3. Contra o censo definitivo non se poderán realizar impugnacións de ningún tipo noutras fases do proceso electoral.
4. Queda prohibida calquera información particularizada sobre os datos persoais contidos no censo electoral.
5. En todo caso, será de aplicación o previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal; e o documento de seguridade do CNF.

### **TÍTULO IV: DA XUNTA ELECTORAL**

#### **Artigo 7. Composición e sede.**

1. A organización, supervisión e control inmediato do proceso electoral corresponderá á Xunta Electoral (XE).
2. Esta estará integrada polos membros de maior e de menor idade de entre os socios/as numerarios. O primeiro actuará como presidente/a e segundo como vogal.
3. Os designados establecerán o criterio para a súa substitución do presidente nos casos de ausencia.
4. O presidente da XE, ou quen o substitúa, contará co voto de calidade.
5. Actuará como secretario, o que o sexa do CNF.
6. Os acordos da Xunta Electoral serán notificados polo secretario do Club aos interesados e publicados nos taboleiros do CNF habituais.

#### **Artigo 8. Duración da XE.**

1. A XE constituirase o mesmo día da convocatoria de eleccións, permanecendo en activo até que finalice o proceso electoral.
2. A Comisión Xestora do CNF proverá os medios razoábeis, tanto materiais como persoais, para que a Xunta Electoral cumpra as súas funcións.

#### **Artigo 9. Funcións da XE.**

1. Son funcións propias da Xunta Electoral:
  - a. A resolución das reclamacións que se formulen respecto do censo electoral.
  - b. A admisión e proclamación de candidaturas.
  - c. A proclamación dos resultados electorais.



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móbil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

- d. A resolución das reclamacións e recursos que se presenten con motivo dos diferentes actos electorais.
  - e. O traslado aos organismos disciplinarios competentes das infraccións que eventualmente se produzan no proceso electoral.
  - f. Aquelas outras que se deduzan da súa propia natureza ou se lle atribúan pola normativa vixente.
2. A Xunta Electoral será a responsable da custodia dos votos emitidos e da apertura da urna electrónica en presenza dos interventores asignados. Para estes efectos constitúese en Mesa electoral electrónica e terá as seguintes funcións:
- a. Responsabilizarse da custodia da clave descifrador para permitir o escrutinio.
  - b. Realizar o escrutinio das mesas.
  - c. Resolver as incidencias do procedemento e difundir os acordos adoptados pola resolución destas.
  - d. Publicar e difundir os resultados do escrutinio.
  - e. Resolver as reclamacións e recursos. Poderá existir unha Mesa de administración nomeada pola Xunta Electoral para resolver as incidencias técnicas ou administrativas que se poidan producir durante a votación electrónica na que colaborará un equipo de apoio técnico que asesorará en aspectos tecnolóxicos.

#### **Artigo 10. Convocatoria e quórum.**

1. A XE será convocada polo seu presidente, xa sexa por iniciativa propia ou a petición de dous dos seus membros.
2. A XE, que se considerará validamente constituída coa asistencia de todos os seus membros, decidirá os asuntos da súa competencia por maioría dos asistentes.

#### **TÍTULO V: ELECTORES E ELIXÍBEIS**

##### **Artigo 11. Condición de electores e elixíbeis.**

Os candidatos deberán ser socios/as numerarios e deberán ser presentados, como mínimo, por un 10% dos membros da Asemblea. Cada membro da Asemblea só poderá avalar unha candidatura.

#### **TÍTULO VI: PRESENTACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATURAS**

##### **Artigo 12. Presentación de candidaturas.**

1. Admitirase a presentación de candidaturas con carácter provisional cando estea aberto o período para elo e estea pendente de resolución un recurso contra a presunta carencia de requisitos para ser candidato.
2. As candidaturas presentaranse mediante escrito, no correspondente modelo oficial facilitado polo CNF, dirixido á XE, ora por correo ordinario ao domicilio social do CNF, ora no correo electrónico habilitado oportunamente para o organismo, sendo responsabilidade do candidato asegurarse da súa chegada.
3. A presentación efectuarase mediante escrito asinado polo candidato dirixido á Xunta Electoral do CNF, dentro do prazo sinalado na convocatoria electoral. No escrito deberá



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móbil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

constar a condición de elixíbel e acompañará a documentación que o acredite copia do DNI coa sinatura autógrafa á marxe e o avais dos membros da Asemblea Xeral.

En ditos escritos, de presentación deberase expresar claramente a vontade de presentar a candidatura interesada, ir debidamente asinados e anexarse unha fotocopia do DNI.

#### **Artigo 13. Proclamación de candidaturas.**

1. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a Xunta Electoral proclamará os candidatos nun prazo non superior a vinte catro horas e enviará aos membros da Asemblea a relación de candidatos proclamados.
2. Cando o número de candidatos presentados fora igual ao posto que se vai elixir, este será nomeado automaticamente, sen necesidade de votación.

### **TÍTULO VIII: DO PROCEDIMENTO ELECTORAL**

#### **Artigo 14. Sistema electoral electrónico.**

1. O sistema electoral consistirá na emisión de votos dende un dispositivo conectado a Internet até unha urna dixital remota situada nun recinto protexido e baixo a custodia da Xunta Electoral do CNF.
2. O CNF garantirá que infraestrutura tecnolóxica que dá soporte ao sistema electoral, contemple as medidas de seguridade que garantan o correcto funcionamento durante o período no que se exerce o dereito a voto, o segredo e a privacidade do votante, a integridade do voto e un escrutinio disociado.
3. O sistema electoral electrónico será o seguinte:
  - a. Os membros da Xunta Electoral constituiranse en Mesa electoral electrónica. Na reunión tamén poderán estar presentes os interventores/as asignados e o equipo de apoio responsable do mantemento do voto electrónico. Reunirase a primeira vez cunha antelación mínima dunha hora antes do inicio da votación no que se acorde polo presidente da Xunta Electoral.
  - b. Para a válida constitución da Mesa electoral electrónica fará falta a asistencia de todos os membros ou dos seus suplentes asignados ao efecto.
  - c. Antes de iniciar a votación, o presidente ten que:
    - i. Establecer e decidir os contidos das pantallas de votación de acordos cos criterios establecidos nesta convocatoria e no regulamento electoral. Na pantalla de votación tense que especificar claramente o número máximo de candidatas e candidatos que poder ser votadas ou votados.
    - ii. Iniciar o sistema, o cal xerará dúas claves criptográficas, a de codificación/cifra e a descifradora. A clave descifradora dividirase en fraccións e distribuirase entre os membros da Mesa electoral electrónica. Esta fraccións faranse secretas codificándose cos certificados dixitais de cada un dos membros. Os membros da Comisión deberán custodiar as tarxetas e contrasinais por ser imprescindibles para a apertura da urna dixital. A partir da entrega de contrasinais poderase iniciar a votación anticipada.
  - d. Á hora indicada na convocatoria de eleccións comezarán e finalizarán as votacións electrónicas e ningún elector/a poderá acceder á dirección electrónica que dá acceso á páxina web electoral fóra deste horario.
4. A votación realizarase unha soa vez, sendo este o voto válido emitido.



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móbil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

5. Cada elector/a poderá votar, como máximo, a un candidato/a.
6. O sistema de votación contemplará os sistemas de votos a persoas e votos en branco.
7. Non existirán votos nulos.
8. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario que sexa fixado na convocatoria de eleccións.
9. Se por causas de forza maior ou por calquera incidencia técnica non é posible o acto da votación ou do escrutinio, ou se interrompen unha vez iniciados, a Xunta Electoral, en función da duración e natureza da causa ou incidencia e doutras circunstancias, poderá adoptar calquera das solucións seguintes:
  - a. Prorrogar a duración do período da votación electrónica polo tempo que estime conveniente.
  - b. Suspende ou aprazar a votación ou o escrutinio.
  - c. Acordar, excepcionalmente, que a votación se leve a cabo polo sistema tradicional, indicando os prazos pertinentes e outras cuestións que se estimen oportunas.
10. No caso de que se opte polos supostos do apartado anterior b) e c) e cando algún elector/a votase, a Xunta Electoral poderá acordar a destrución dos votos e das claves criptográficas. Neste caso, o electorado mencionado volverá exercer o seu dereito de sufraxio co sistema e data que se acorde.
11. Se a anomalía comporta a substitución de calquera das computadoras que conforman o sistema informático electoral, a Xunta Electoral do CNF poderá ordenar a súa reposición ou a destrución dos votos e das claves criptográficas.
12. Se o que se ten que substituír é a urna electrónica, a Xunta Electoral decidirá cando proceder á destrución dos votos e das claves criptográficas.
13. O presidente da Xunta Electoral comunicará en todo momento as medidas acordadas ao órgano competente a fin de que informen ao electorado afectado e procederá a publicala na páxina web electoral.
14. As incidencias urxidas ao longo do procedemento e as medidas de resolución adoptadas faranse constar na acta.

#### **Artigo 15. Sistema de votación.**

1. O voto electrónico emitirase dende calquera ordenador conectado a Internet. Co fin de garantir a privacidade do voto poderase habilitar unha ou varias cabinas electrónicas. A localización delas será no local social do CNF.
2. Os electores/as terá que conectarse a través da Secretaría Virtual e á dirección electrónica [www.natacionferrol.com/elecciones](http://www.natacionferrol.com/elecciones) ou mediante a súa Secretaría Virtual. No caso de non poder conectarse, porase en coñecemento da Mesa electoral electrónica ou da Secretaría Xeral a efectos de que se tomen as oportunas medidas e resolver a incidencia. A comunicación farase a través da conta de correo [evoto@natacionferrol.com](mailto:evoto@natacionferrol.com).
3. Na pantalla de votación constarán relacionadas as candidaturas proclamadas, así como a opción de voto en branco. Unha vez realizada a opción de voto, terase que premer “emitir o voto” e, a continuación, mostrarase a candidatura ou as candidaturas escollida/s e solicitarase a confirmación da opción elixida. No caso de non querer confirmala, o elector/a terá a posibilidade de realizar unha nova selección.
4. Unha vez confirmada a opción de voto, codificarase o voto coa clave de codificación/cifra. Seguidamente, tense que asinar o voto do elector/a e tense que remitir á urna dixital remota.



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móvil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

5. Unha vez finalizado o procesamento do voto, darase opción a imprimir ou gardar un recibo cun código de control, que permitirá comprobar ao elector/a que o seu voto foi emitido e empregado no escrutinio.
6. As votacións realizadas por este sistema substitúen ás votacións con urna e os resultados serán vinculantes, sen que sexa preciso establecer sistemas alternativos para a votación presencial.

## **TÍTULO IX: DO ESCRUTINIO E PROCLAMACIÓN DE RESULTADOS.**

### **Artigo 16. Escrutinio.**

1. Rematadas as votacións electrónicas, os membros da Xunta Electoral, constituídos en Mesa electoral electrónica reuniranse no lugar que o presidente determine. Noc aso de que algún dos membros titulares non poida asistir ou extravíe a súa fracción de clave terao que xustificar e comunicar ao presidente, debéndose facer constar na acta da sesión.
2. Os membros da Mesa electoral electrónica, con presenza dos interventores e no seu caso cos asesores técnicos do voto electrónico procederán a reconstituír a clave descifradora, descodificar os votos e iniciar o escrutinio. En todo caso, será precisa para a reconstrución da clave descifradora a presenza de todos os membros da Mesa electoral electrónica.
3. Cada un dos membros da Mesa electoral electrónica achegará a fracción da clave descifradora que lle corresponde e a descodificará co seu certificado dixital. Así se reconstituirá a clave mencionada que permitirá interpretar o contido dos votos electrónicos. A continuación, iniciarase o escrutinio electrónico.
4. O proceso de descodificación dos votos ten que garantir que se impida coñecer a identidade dos votantes.
5. O presidente da Xunta Electoral publicará o resultado provisorio das eleccións no taboleiro de anuncio e na páxina web do CNF que será definitivo se non houberse ningunha reclamación no prazo de 7 días, ou de as haber se estas fosen resoltas.
6. No caso de empate a votos entre dous o máis candidatos/as, a XE procederá a convocar unha segunda volta de eleccións entre os candidatos empatados.
7. Agás en caso de impugnación, unha vez transcorrido o prazo de catro meses dende a proclamación dos representantes electos, o presidente da Xunta Electoral en presenza da Secretaría Xeral do CNF, e coa presenza, se é o caso, do asesoramento técnico pertinente, procederá á destrución, tanto da clave descifradora que permite abrir a urna electoral, como dos votos electrónicos depositados na urna electrónica remota.
8. Non se poderán destruír os votos electrónicos que foron obxecto de impugnación, reclamación ou dúbida, nin polo tanto a clave descifradora. Esta e os votos electrónicos custodiaranse e conservaranse até que finalice o procedemento correspondente.
9. Até a destrución da clave descifradora e dos votos electrónicos depositados na urna electrónica, a Mesa electoral electrónica procederá á custodia da clave descifradora e dos votos electrónicos depositados na urna electrónica, de acordo co procedemento seguinte:
  - a. Cada membro da Mesa electoral electrónica introducirá nun sobre a tarxeta coa parte da clave criptográfica mencionada, en un sobre separado os códigos PIN e PUK da tarxeta. Todos os sobres terá que estar debidamente pechados e asinados de forma manuscrita.
  - b. Gardaranse nun soporte informático a lista de votos electrónicos cifrados.



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móbil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

10. A Secretaría Xeral conservará toda a información xerada durante o proceso electoral que garante que os votos emitidos non foron alterados. A Secretaría Xeral gardaraos baixo a súa custodia.

## **TÍTULO X: RECLAMACIÓNS E RECURSOS ELECTORAIS.**

### **CAPÍTULO I: NORMAS XERAIS.**

#### **Artigo 17. Acordos e resolucións impugnábeis.**

Poden ser obxecto de reclamación ou recurso, nos temos establecidos neste Título, os seguintes acordos e resolucións:

- a. Os acordos dos órganos de goberno do CNF referentes á inclusión ou exclusión de electores e elixíbeis no censo electoral.
- b. As resolucións adoptadas durante o proceso electoral e en relación co mesmo pola XE.
- c. Calquera actuación, acordo ou resolución adoptado no ámbito do Club en procedementos que poidan afectar á composición dos órganos de goberno e representación.

#### **Artigo 18. Lexitimación activa.**

As reclamacións e recursos só poderán interpoñerse pola persoas interesadas, considerándose como tales aquelas que resulten afectadas directa ou indirectamente nos seus dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos polo acordo ou resolución, ou que puideran obter un beneficio pola revisión do mesmo.

#### **Artigo 19. Contido das reclamacións e recursos.**

As reclamacións e recursos deberán presentarse por escrito debidamente asinado, no que se fará constar a identificación do reclamante, un domicilio a efecto de notificación, e se fose posíbel un correo electrónico ou calquera outro método que facilite a comunicación. O escrito precisará o acordo ou resolución recorrida, os fundamentos nos que se basea a impugnación e a pretensión que se deduce contra dito acordo ou resolución.

#### **Artigo 20. Prazo de presentación das reclamacións e recursos.**

1. O prazo para a presentación das reclamacións e recursos será o que establece, para cada o presente Título.
2. En todo caso, o prazo computarase en día hábiles a partir do día seguinte á data de notificación do acordo ou resolución impugnado. Transcorrido ese prazo sen terse interposto reclamación ou recurso, o acordo ou resolución será firme.



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móbil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

**Artigo 21. Publicidade das resolucións ditadas como consecuencia das reclamacións e recursos.**

As resolucións ditadas pola XE do CNF ou polo organismo competente en materia deportiva da Xunta de Galicia, como consecuencia das reclamacións e recursos interpostos ante ditos órganos, será publicadas nos taboleiros de anuncios e páxina web do CNF, sen prexuízo das correspondentes notificacións aos interesados.

## **CAPÍTULO II: RECLAMACIÓNS ANTE A XUNTA ELECTORAL DO CNF.**

**Artigo 22. Reclamacións contra determinados aspectos da convocatoria de eleccións.**

1. A XE do CNF será competente para coñecer as reclamacións que se interpoñan contra os seguintes aspectos da convocatoria de eleccións:
  - a. Censo electoral provisional.
  - b. Proclamación de candidatos.
  - c. Proclamación de resultados definitivos.
2. O prazo para interpoñer as reclamacións á que se refire o apartado 1 deste artigo será o de sete días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria.
3. A XE deberá resolver a reclamación no prazo de sete días hábiles dende o seguinte á súa interposición. No caso de que a reclamación non fora resolta expresamente dentro de dito prazo, poderá considerarse desestimada, a efectos de interposición ante o organismo competente en materia deportiva da Xunta de Galicia.



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móbil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

## **LIBRO III DA CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS DA ASEMBLEA XERAL**

### **Artigo 1. Da Asemblea Xeral.**

1. Con carácter xeral, a mesa da Asemblea Xeral xa sexa ordinaria ou extraordinaria, estará composta polo presidente/a, vicepresidente/a, secretario/a, tesoureiro/a e cantas persoas estime convenientes o presidente do CNF.
2. A Asemblea será presidida polo presidente do CNF, coa autoridade propia do seu cargo: dirixirá os debates e manterá a orde nos mesmos, facendo cumprir as disposicións aplicables e interpretándoas cando elo fora preciso.
3. No caso de que a sesión extraordinaria fora convocada para pronunciarse sobre unha moción de censura ao presidente, a mesa da Asemblea Xeral estará composta de conformidade co preceptuado no artigo 2.2 do Libro III do presente Regulamento de Réxime Interno.

### **Artigo 2. Constitución da Asemblea Xeral.**

1. Comprobada a identidade dos asistentes, a Asemblea Xeral ficará validamente constituída en primeira convocatoria, cando asistan a maioría absoluta dos seus membros e, en segunda cos presentes.  
O presidente declarará aberta a sesión e iniciada esta, trataranse os puntos que son obxecto da convocatoria, sen que a súa orde poida ser alterada, agás que así o acorde o órgano colexiado en pleno, a proposta do presidente ou dos dous terzos dos socios/as presentes.
2. Tratándose da Asemblea Xeral convocada con carácter extraordinario para pronunciarse sobre unha moción de censura á Presidencia do CNF será preciso, para que poida celebrarse, de conformidade co que prevé o artigo 2.1 do Libro sobre a moción de censura, que estean presentes, ao menos, dúas terceiras partes dos membros de plenos dereito que a integran.  
Se transcorrida media hora dende a fixada para a sesión non concorrera dito quórum, entenderanse nulos tanto a convocatoria como o propio voto de censura formulado e non poderá presentarse ningún outro dentro do ano; aplicándose idéntica regra no suposto de que téndose realizada a Asemblea por existir o preceptivo quórum de asistencia non houbera prosperado a moción.

### **Artigo 3. Intervencións dos socios/as.**

1. Ningún membro da Asemblea Xeral poderá intervir sen ter solicitado e obtido do presidente o uso da palabra.
2. As intervencións só poderá ser interrompidas polo presidente para advertir ao interesado que consumiu o seu tempo, para chamarlle á cuestión, para retirarlle a palabra ou para requirir á orde ao órgano colexiado ou a algún dos seus membros en particular, podendo acordar a expulsión de quen, tras ter sido previamente advertido, reincide en perturbalo ou se exprese en termos inconvenientes.
3. Cando nunha intervención se faga alusión a algún dos membros da Asemblea, este terá dereito a que se lle conceda a palabra para contestar á manifestacións de que se trate.



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móbil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

4. En todo debate alternarase as quendas a favor e en contra, cun máximo de tres, e o presidente dará por rematada a discusión cando estime que o asunto está suficientemente debatido.
5. A duración das intervencións non excederá de cinco minutos e o que fora replicado nos seus argumentos terá dereito a contrarreplicar ou a rectificar, empregando un tempo non superior a tres minutos.

#### **Artigo 4. Das votacións.**

1. As votacións poderán ser públicas ou secretas e, no primeiro caso, ordinarias ou por chamamento. Só serán secretas nos supostos previstos estatutaria ou regulamentariamente e, ademais, cando o presidente así o dispoña ou o solicite a terceira parte dos presentes.
2. Tratándose de votacións públicas, o presidente decidirá se se efectúan polo sistema ordinario ou polo de chamamento. No primeiro caso determinarase primeiro os que estean a favor, logos os que estean en contra e, finalmente, os que se absteñan. Se o foran por chamamento, realizaranse nomeando o secretario a cada un dos membros para que expresen o seu voto.
3. A votación secreta practicarase mediante papeleta, en todo caso de modelo oficial, que os asistentes, irán entregando na mesa a medida que sexan chamados polo secretario.
4. O voto é persoal e poderá ser delegado segundo o disposto nos Estatutos do CNF.
5. Será suficiente, agás nos supostos contemplados nos presentes Regulamentos ou normas estatutarias, a maioría simple para a resolución das votacións.
6. Se nunha votación de máis de dúas propostas producírase un empate, realizaríanse tantas votacións como foran precisas, agás o disposto especificamente no presente Regulamento de Réxime Interno ou normas estatutarias, até alcanzar a maioría simple.
7. Concluída a votación practicarase o correspondente recuento e darase conta do resultado.
8. Os membros da Asemblea Xeral teñen dereito a solicitar que conste en acta o seu voto particular, así como a súa abstención, sempre que, nun ou noutro caso, motiven a súa decisión. De non ser así non terá aplicación o artigo 23.2 do Estatutos do CNF.



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móbil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

## **LIBRO IV DA MOCIÓN DE CENSURA AO PRESIDENTE/A DO CNF**

### **Artigo 1. Da moción de censura ao presidente/a do CNF.**

1. A moción de censura do presidente, de conformidade cos Estatutos do CNF deberá ser promovida pola metade máis un, ao menos, dos membros da Asemblea Xeral, podendo formalizarse conxunta e/ou individualmente por cada un dos propoñentes mediante escrito motivado e asinado, co que se anexará copia do DNI, dirixido ao presidente do CNF.
2. Promovida a moción coa concorrencia dos expresados requisitos, o presidente convocará con carácter extraordinario a Asemblea para que se reúna nun prazo máximo de 15 días con dita moción como único punto da orde do día, convocándoa, ao menos, con 5 días hábiles de antelación.  
Se o presidente non a convoca, poderá facelo o organismo competente en materia deportiva da Xunta de Galicia.

### **Artigo 2. Procedemento da moción de censura.**

1. A Asemblea Xeral convocada a tal exclusivo efecto precisará, para que poida constituírse validamente, a presenza de, dúas terceiras partes dos membros de pleno dereito que a integran.
2. A mesa será presidida polo socio/a de maior idade e actuará como secretario/a o de menos idade.
3. Verificada a identidade dos asistentes, e se concorren o quórum que prevé o artigo anterior, o presidente da mesa declarará aberta a sesión.
4. Seguidamente concederá o uso da palabra a un dos propoñentes do voto de censura, previamente designado ao efecto por e entre os mesmos, o cal, en tempo non superior a trinta minutos, fará unha exposición dos motivos da moción.
5. Finalizada tal intervención, o presidente da mesa dará a palabra ao do CNF quen, por si mesmo ou pola persoa na que delegue, en idéntico límite de tempo, manifestado que ao seu dereito ou interese conveña.
6. Tras ambas exposicións procederáse inmediatamente á votación, que se levará a efecto con carácter secreta, mediante papeleta de modelo oficial, que os asistentes irán entregando á mesa a medida que sexan chamados para elo polo secretario da mesa por orde alfabética, ante o cal deberán identificarse mediante a exhibición do seu DNI, pasaporte ou carné de condución.
7. Votarán, no último lugar, os membros da mesa, correspondendo en primeira quenda ao secretario e en última ao presidente.
8. O voto será persoal e indelegable e en ningún caso se admitirá o formulado por correo.
9. Finalizado o acto de votación procederáse ao escrutinio, no que só se contabilizarán válidas as papeletas nas que se consigne, unicamente, as palabras “si”, “non” ou “abstención” e as depositadas en branco.
10. Concluído o escrutinio, o presidente da mesa dará conta do seu resultado.
11. Para que prospere a moción de censura será preciso o voto afirmativo dos dous terzos dos membros de pleno dereito que integran a Asemblea Xeral.
12. Se considerarán como votos contrarios á censura, ademais dos “non”, as abstencións e os emitidos en branco.



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móbil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

## **LIBRO V DO RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO**

### **Artigo 1. Réxime económico do CNF.**

O CNF ten ao seu propio réxime de administración e xestión de patrimonio e orzamento, respondendo ao principio de caixa única de conformidade co establecido nos Estatutos do Club.

### **Artigo 2.**

1. A Asemblea do CNF aprobará a aplicación dos resultados de cada exercizo económico.
2. A realización da contabilidade, balance de situación, conta de resultados e memoria será efectuada polo tesoureiro/a.
3. Periodicamente, o tesoureiro/a porá a disposición da Xunta Directiva do CNF os informes económicos e financeiros, así como o control orzamentario, para a súa verificación e aprobación.
4. Os membros da Asemblea Xeral poderán solicitar, de maneira concreta e razoada, a análise dos estados contables e orzamentarios de conformidade coas disposicións legais vixentes.

### **Artigo 3.**

1. A tesoureira/o do CNF, en colaboración coa Xunta Directiva e dos órganos de réxime interno, confeccionará o orzamento anual, que deberá aprobar a Asemblea Xeral.
2. O seguimento da xestión económica do CNF, mediante a elaboración dun informe anual á Asemblea Xeral referente á liquidación do orzamento, corresponde á tesoureira/o.
3. A Asemblea Xeral é o órgano competente para a modificación dos orzamentos, cos límites que estableza a Asemblea Xeral.
4. A realización do orzamento anual, o seu seguimento e liquidación efectuarase de acordo coa normativa que estableza a Asemblea Xeral.
5. O CNF non poderá aprobar orzamentos deficitarios.

### **Artigo 4.**

1. O CNF ten a titularidade exclusiva, e no máis amplo sentido, dos dereitos para a explotación comercial de todas as competicións que organice. Os beneficios económicos, se os houberse, que se derivaran da referida explotación, aplicarase ao desenvolvemento do seu obxecto social.
2. O CNF pode exercer, con carácter complementario, actividades de carácter comercial, profesional ou de servizos, e destinar os seus bens e recursos aos mesmo obxectivos, mais en ningún caso poderá repartir beneficios ente os seus membros.

### **Artigo 5.**

1. A Xunta Directiva poderá autorizar o gravame ou alleamento de bens inmoables, cando o importe da operación sexa inferior ao 30% do orzamento do Club.
2. Se o importe desta operación fose igual ou superior ao 30% do orzamento, corresponderá á Asemblea Xeral autorizar o gravame ou alleamento de bens inmoables.
3. Os acordos de Asemblea e de Xunta Directiva para autorizar o gravame ou alleamento de bens inmoables deberán adoptarse por maioría absoluta.



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móbil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)  
**LIBRO VI DAS PLUSMARCAS DO CLUB**

**Artigo 1. Plusmarcas do Club en piscina de 50 metros.**

1. Para as plusmarcas do Club en piscina de 50 metros, as distancias e os estilos seguintes serán recoñecidos para ambos sexos:
  - a. **Libre:** 50, 100, 200, 400, 800, 1500 metros
  - b. **Costas:** 50, 100, 200 metros
  - c. **Braza:** 50, 100, 200 metros
  - d. **Bolboreta:** 50, 100, 200 metros
  - e. **Estilos individual:** 200, 400 metros
  - f. **Remudas de libres:** 4x50, 4x100, 4x200 metros
  - g. **Remudas de estilos:** 4x50, 4x100 metros

**Artigo 2. Plusmarcas do Club en piscina de 25 metros.**

1. Para as plusmarcas do Club en piscina de 25 metros, as distancias e os estilos seguintes serán recoñecidos para ambos sexos:
  - a. **Libre:** 50, 100, 200, 400, 800, 1500 metros
  - b. **Costas:** 50, 100, 200 metros
  - c. **Braza:** 50, 100, 200 metros
  - d. **Bolboreta:** 50, 100, 200 metros
  - e. **Estilos individual:** 200, 400 metros
  - f. **Remudas de libres:** 4x50, 4x100, 4x200 metros
  - g. **Remudas de estilos:** 4x50, 4x100 metros

**Artigo 3. Procedemento de obtención das plusmarcas do Club.**

1. Para que un equipo de remudas poida establecer plusmarca do Club deben pertencer todos os seus compoñentes ao CNF.
2. Todas as plusmarcas do CNF deberán conseguirse durante a competición, ou nunha carreira individual contrarreloxo, en público, e dentro dunha proba oficial.
3. A piscina deberá estar homologada pola FEGAN, segundo a normativa correspondente.
4. As plusmarcas do Club serán aceptadas cando os tempos fosen rexistrados mediante un equipo de clasificación automático, semiautomático ou manual segundo os regulamentos en vigor e cun xurado oficial.
5. As plusmarcas do Club rexistraranse á centésima de segundo.
6. Os tempos iguais á centésima de segundo, serán recoñecidos como plusmarca do Club igualadas e os nadadores que realizasen eses tempos iguais serán designados como posuidores da plusmarca do Club. Se nunha carreira máis dun nadador establece rexistros que mellorasen a plusmarca do Club, só o tempo do vencedor da carreira poderá ser considerado como plusmarca do Club. No caso de empate nunha carreira onde se estableza unha plusmarca do Club, os nadadores empatados consideraranse como posuidores da plusmarca do Club.
7. O primeiro nadador dun relevo pode pedir a homologación dunha plusmarca do Club. Se percorre a súa distancia nun tempo de plusmarca, conforme as disposicións presentes, a súa actuación non será anulada por descualificación posterior do seu equipo de remudas por faltas ocorridas despois de que el realizase a súa carreira.



## **CLUB NATACIÓN FERROL**

Apartado de Correos nº 273

15480 (Ferrol)

Teléfono móvil: 698 14 54 45

Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)

Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

8. Nunha proba individual, un nadador poderá pedir a homologación dunha plusmarca do Club para unha distancia intermedia. O nadador deberá percorrer a distancia prevista para a proba sen ser descualificado, para solicitar a plusmarca da distancia intermedia.
9. A homologación das plusmarcas do Club deberá solicitarlla á Secretaría do CNF o deportista .



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móbil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

## **LIBRO VII DAS ESCOLAS DEPORTIVAS DE NATACIÓN**

### **Artigo 1. Da Escola Deportiva.**

Mediante o presente regulamento estableceranse as bases da Escola Deportiva do Club Natación Ferrol baseada na promoción deporte de base.

### **Artigo 2. Dos usuarios/as.**

Terán a consideración de usuarios/as ao abeiro do artigo 9 dos Estatutos da nosa Entidade todas as persoas que se dean de alta no apartado de Escolas da Secretaría Virtual e se inscriban eles ou os seus representados a algún curso da Escola Deportiva.

### **Artigo 3. Dos alumnos/as.**

1. Terán a consideración de alumnos/as todas as persoas que estean inscritas nalgúns dos cursos que se recollen no presente regulamento.
2. No caso de seren menores de idade poderán ser inscritos unicamente polos seus titores/as legais, aceptando e confirmando as autorizacións pertinentes que se incluírán na ficha de inscrición.

### **Artigo 4. Das altas.**

1. As altas faranse a través da Secretaría Virtual de Escolas do Club Natación Ferrol, agás casos de extraordinaria natureza que serán efectuados en persoa no local do Club.
2. Para que as altas sexan correctas deberán cubrirse todos os campos e achegar a fotocopia do DNI do usuario/a e do alumno/a (no seu defecto achegarase a fotocopia do libro de familia) que será incorporada na propia ficha de usuario ou remitida por correo electrónico.
3. As altas telefónicas non están permitidas, dado que non se pode acreditar a veracidade dos datos facilitados.

### **Artigo 5. Dos cobros.**

1. As cotas mensuais e inscricións serán pasadas ao cobro dentro dos 5 primeiros días de cada mes, agás que a alta sexa efectuada despois do día 15 do mes correspondente que será pasada ao cobro no seguinte mes.
2. A devolución do recibo non implica a solicitude de baixa do usuario/a.
3. Aquelas persoas que devolvan o recibo deberán aboar ademais da débeda correspondente, a taxa de devolución do recibo estipulada oportunamente polo Banco emisor da remesa.
4. No caso de que o titular da conta introducida na ficha de usuario non se corresponda co usuario que realiza a alta deberá notificarse esta feito ao Club por correo



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
Apartado de Correos nº 273  
15480 (Ferrol)  
Teléfono móbil: 698 14 54 45  
Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

electrónico para que este lle facilite ao usuario unha autorización que deberá ser asinada polo titular da conta.

**Artigo 6. Das modificacións e actualizacións dos datos de usuario/a.**

1. Será responsabilidade dos usuarios/as notificar á maior brevidade posible todas as modificacións ou actualizacións de datos da súa ficha ao noso Club.
2. Estas accións poderanse facer directamente a través do perfil da Secretaría Virtual.

**Artigo 7. Das baixas ordinarias e da reactivación do perfil de usuario/a.**

1. Será motivo de baixa ordinaria a ausencia de xustificación durante 2 meses, sen prexuízo de ter que aboar as cotas pendentes para poder reingrar na Escola Deportiva do CNF.
